Nº 8. Inverno do 96/97 300 pta

Revista Galega para a Solidariedade

Outras vozes



Timor!

• A Escola das Américas • Eleizóns en Nicarágua • Entrevista ao *sub* Marcos • Noam Chomsky: as intervencións *humanitárias* • Comércio de armas e axuda ao desenvolvimento

se mais asentados e con mellores perspectivas de futuro.

As maiores alegrias levamo-las co funcionamento das diferentes comunidades ou cooperativas, por exemplo na zona do Terrón cando chegamos o ano pasado os norteños levaban escasamente unhas semanas na zona, e as relacións coa comunidade de antig@s habitantes ainda estaban por facerse, con moitas dúvidas sobre a aceptación da xente chegada de fora e a posiblidade de traballo conxunto; agora, ao cabo dun ano existe unha cooperativa única funcionando no Terrón e nela participan tod@s @s habitantes da zona, @s norteñ@s e @s antig@s, o Presidente é un nativo.

Na nosa estáncia falamos muito con el@s, dos seus problemas e dificultades, das suas necesidades, dos proxectos nos que poderiamos botar unha man, das nosas esperanzas conxuntas no cámbio das cousas. Fixemo-lo coa seguridade mútua de que os esforzos merecen a pena.Unha nova brigada á Illa Zapatera. ❑

Antonio Pérez Casas

Himno de Zapatera

Adelante marchemos campesinos
vamos a entrar en la isla.
vamos a jugar un partido,
no importa si ganamos o perdemos
lo que importa es quedarse en la isla.
Y lo peor vamos a esperar,
que nos puedan desalojar, y
si al Norte nos fueran a botar
nuevamente aqui vamos a regresar.
Juntos vamos a luchar.
Juntos vamos a trabajar.
Verde y azul la bandera que a todos nos va a cobijar.
Verde y azul la bandera que a todos nos va a cobijar.
Adelante marchando en los trabajos,
sigamos organizados
no importa que se oigan rumores
si nos vuelven a desalojar,
mi consigna es terquedad.
Y lo peor vamos a esperar,
que nos puedan desalojar
y si al Norte nos fueran a botar
nuevamente aqui vamos a regresar.
Juntos vamos a luchar
Juntos vamos a trabajar.
Verde y azul la bandera que a todos nos va a cobijar.
Verde y azul la bandera que a todos nos va a cobijar.

Letra e música de Silvano (La Habana, Zapatera, Nicarágua)

De San Luis de Manares ao Mombacho: história dunha ocupación

O que segue é a transcripción dunha charla que a brigada organizada polos Comités de Solidariedade tivo con Wenceslao Chavarría en San Luis de Manares (Granada) en agosto de 1996. Nela fai un repaso á história da emigración dos "norteños", por causa dos asasinatos selectivos da "Recontra" (anti-sandinistas financiados pola Alianza Liberal de Arnoldo Alemán, que ten o apoio dos EUA e da reacción anticastrista de Miami [Mas Canosa]), iniciada alá por 1991, e cuxos últimos exponentes son os labregos e labregas que ocuparon as terras coñecidas como "Mombacho". O autor tamén fai referéncia á sua história persoal, desde os tempos da revolución, o que nos permite situar o conflito na sua perspectiva histórica.

Os anos da revolución

Durante os anos do governo revolucionário, eu, como a maioria das persoas que nos viñemos do norte, estivemos traballando na zona de guerra. Mas, como en toda guerra, só se poden contar traxédias desa época. Eu estiven como quince anos de guerra, porque antes da guerra da Contra, eu integrara-me na guerra de liberación. Despois do triunfo, tivemos paz só por dous anos. Durante eses dous anos, a revolución marchou ben, a xente recebia axudas para traballar. Aquelo era bonito. Mas no 82-83, comezou outra guerra. Despois do triunfo da revolución, eu traballei na organización do campesinado, que estaba mui desorganizado, constituindo cooperativas. Muitas delas fracasaron, e nós mesmos temos parte da culpa do fracaso, durante o governo revolucionário, porque se lles entregaron as terras aos campesinos sen eles pedi-las; non era a sua reivindicación, e polo tanto non se sentian involucrados. Usaban a terra, logo a abandonaban. Non é o mesmo loitar por algo e consevá-lo, que recebi-lo sen mais.

Fun vicealcalde dun municipio, de Waslala [Región Autónoma Atlántico Norte]. Cando a guerra entrou de cheo, tivemos que coller as armas e loitar, desde o exército. Se non fora pola guerra, eu houbera buscado un traballo para viver tranquilo. Mas habia que loitar, integrar-se á loita, para man-

ter o conseguido. Por iso ainda agora loitamos, para que outra xente polo menos sobreviva. A guerra non parou. No norte seguen asasinando campesinos. Ainda que o governo diga que non hai guerra, iso é mentira. Por iso a xente segue emigrando, en busca dun sítio onde traballar en paz, ou simplesmente onde sobreviver. Porque a guerra trai problemas económicos, a desunión das famílias. A guerra leva vários anos e non hai esperanza de que se pacifique a zona.

San Luis de Manares

A maior parte da xente de aqui ven de Waslala, do norte. Os primeiros que viñemos aqui estivemos viaxando e vivendo en várias partes, buscando terras onde sementar. Estivemos a carón do mar, en La Trinidad [departamento de Carazo]. Ali sementamos millo, sorgo, feixóns, mas ali non se dan ben, e non pudemos colleitar nada. Daquela seguimos buscando outras alternativas, para poder traballar, e chegamos a Jinotepe, onde estivemos vivendo outra temporada. Ali non tíñamos terras. Por fin contactamos con algunha xente que coñecia estas terras, e nos ofereceron unhas terras perto do volcán [Mombacho, departamento de Granada], en Nandaime. Ali estivemos uns dias, mas nos engañaron: non dos deron a terra que prometeran. Seguimos loitando, buscando terras noutro lado. Viñemos aqui a San Luis. Estas terras estaban arrendadas pola ATC [Asociación de Traballadores do Campo, sindicato labrego sandinista]. Deron-nos unha parte da terra, unhas 70 *manzanas*. Mas cando xa tíñamos sementado, desaloxaron-nos de ali; non lles conviña a nosa preséncia e chamaron á policia para desaloxar-nos do parque [de Granada]. Estivemos protestando ali no parque vários dias. Tíñamos tomado a casa da governación. Unha vez desaloxados levaron-nos a Masaya. Ali estivemos outros dias, con toda a família. Estábamos unhas cuarenta famílias. Despois viñemos tomar as terras de novo. Aqui nos metimos outra vez, e tivemos que negociar coa ATC. Despois de tanto loitar, por fin nos concederon o direito ás terras. Deron-nos polo menos 600 *manzanas*, que era o que nós pedíamos. Unha vez que eles se retiraron, ficaba negociar co governo, para conseguir os títulos de propriedade. Levamos xa aqui cinco anos. E este ano deron-nos unha parte só da asignación das terras, que título tampouco temos.

Cando chegamos aqui estábamos nunha situación crítica, sen nada; somente trouxemos as crianzas e o que

Wenceslao Chavarría

pudemos cargar no camiño, para sobreviver. Unha vez instalados aqui, contactamos coa UCA [Unión de Cooperativas Agrárias], que nos axudou bastante. Agora cada quen ten o seu pozo, cultiva os seus plátanos (a UCA deu-nos a semente). Deron-nos tamén a cada família unha vaca parida. Agora todos teñen mais de duas ou tres, despois de devolver-lle á UCA o préstamo cunha cria. E con estas axudas fomos saíndo adiante. Este ano tivemos problemas coa alimentación, porque nos queimaron todas as hortas, xente de aqui, que non simpatiza con nós. Este ano quedamos arruinados. Mas agora xa está saíndo o millo.

O Mombacho

Nós chegamos nunha situación mais crítica que na que están agora os do Mombacho [norteños chegados en maio de 1996, e instalados ao pé do volcán, perto de San Luis de Manares, e que están a sofrir problemas de alimentación; son unhas 50 famílias; 1700 *manzanas*, 70% para gando (que ainda non teñen), 30% agrícola, porque eles xa tiñan contactos aqui cando chegaron, xa estábamos nós, e están a receber axuda. Nós demos-lles albergue, despois de viren-se de Zapatera; cada quen acolleu a unha ou duas famílias na sua casa, durante un tempo. Aos de Aguas Agrias [outra comunidade cercán, chegados do norte hai cinco anos, despois dos de San Luis de Manares, e que ocuparon parte dunha finca privada, propriedade de Roberto Mejía] tamén lles déramos albergue. E xa non é o mesmo vir e topar-te cun amigo, que chegar aqui sen ter a ninguén. Os do Mombacho claro que teñen agora un problema de alimentación, mas polo menos teñen o apoio da xente. E tamén están dispostos a loitar por obter a terra. A empresa Camilo Ortega [unha cooperativa da ATC, onde se encontran as terras de San Luis de Manares e Mombacho] era grande, tiña mais de 7000 *manzanas*. Co cámbio de governo [cando o FSLN perdeu as eleizóns en 1990], houbo xente dentro da Frente que se aproveitou da situación, e entre uns cuantos elementos colleron toda a terra. Todo o que era gando, algunha maquinária, etc, desapareceu. E a terra, que era o último que quedaba, tamén a tiñan acaparada. De toda a facenda, nós recuperamos esta parte [San Luis de Manares] e a do Mombacho, pola que estamos loitando agora. Non é xusto que uns 108 sócios [da ATC] queiran ter todas as 7000 *manzanas*. Estas terras foran privatizadas a favor do traballadores, mas agora os traballores non teñen terras. Se non fora por esta loita, moitos dos traballadores que vivian aqui quedarian sen nada; agora teñen o que lles poderia corresponder. Na nosa loita nós sempre respeitamos aos que viven na terra e a traballan. Todo o mundo ten direito a ter un pedazo de terra e viver de el. Non creo que haxa mais emigración do norte a estas terras, porque as últimas terras ociosas as collimos nós. Hai grandes facendas, mas son privadas (ainda que conseguimos parte da finca privada de Roberto Mejía, o que agora é Aguas Agrias).

Organización

Aqui en San Luis somos unhas trinta famílias. En Aguas Agrias, outras 30 famílias. Aqui funcionamos como duas cooperativas (ainda que legalmente somos unha só). Traballamos de dous xeitos diferentes. Todo o que é a ganderia traballa-se colectivamente. Temos unhas trintaecinco cabezas. Mas logo

cada família ten unha parcela pequena, onde se ubica a casa e a horta, onde se cultiva todo para comer. Hai dous comedores colectivos, un en cada cooperativa, que o levan as mulleres. Neles comen polo menos unhas sesenta crianzas. As mulleres tamén traballan nuns pequenos hortos familiares, para axudar nos comedores.

A escola conseguimo-la ao ano, o que é a construción do edifício, coa axuda dun organismo canadiano, que tamén axudou co centro de saúde. Eles puxeron o material, e nós a mao de obra. Mas mestres conseguimo-los hai tres anos. Os dous primeiros anos negaron-se a dar-nos mestre. Fixemos unha protestas, coas crianzas, e asi conseguimos os mestres.

Perspectivas

Cando nós loitamos contra a ditadura, foi pola posesión da terra. Con Violeta [Barrios] no poder, o problema seguiu igual, o campesinado segue oprimido, desaloxado das terras, perseguido. Durante os anos da guerra coa Contra non sufrimos tanto como co governo de dona Violeta; porque agora si pasamos fame. Agora non hai nengun traballo. Dentro da Frente Sandinista, son as bases as que se mobilizan agora, as que loitan, porque os dirixentes se desentenderon bastante do problema da terra, e de dar-nos apoio. Os dirixentes rexionais de Granada non só non nos apoiaron, senón que mesmo nos denunciaron. Sempre que houbo algun desaloxo aqui, polo menos algun dos dirixentes rexionais tivo algo que ver. Eles teñen o que teñen, e deixaron ao povo que se defenda como poda. E iso é duro. Despois de quince anos de loita pelexando ombro con ombro, ves como che dan as costas, e un sinte-se molesto. Sandino, que era un campesino que loitou, xa advertira sobre os que abandonan a loita unha vez que conseguen posición. Ainda que a Frente gañara as eleizóns, é difícil que faga algo polo campesinado. O campesinado sempre terá que loitar para obter o que se propón. O único que prometen é non desaloxar aos que xa teñen terras. A loita ten que seguir, a reforma agrária ten que continuar. Mentres haxa xente sen terra, a loita non vai parar, sexa a Frente ou sexa quen sexa quen estexa no poder. O campesino vive da terra, e se non lla dan, ten que loitar por ela. Cando solicitas algo, nunca che dan unha resposta. É só cando vas polas malas que consegues que che respondan. Iso é o que aprendimos; a maior parte da xente aqui sabe loitar, sabe defender-se, tanto con armas como sen armas. Antes era mais difícil, xa polo só terror que se lle tiña á ditadura. Agora non lle temos medo a falar-lle a calquer, ou a reclamar o que nos corresponde. Ainda que aqui no sul hai menos tradición de loita, e a nosa batalla é mais difícil. Aqui non se viveu a guerra. Mas conseguimos gañar-nos a alguns nativos, que agora traballan connosco. Calquer governo que veña, ten que respeitar ao campesino. Ainda que muitas esperanzas de cámbios por parte do governo non hai. Claro que hai diferéncias entre a Frente e Arnoldo Alemán, porque Arnoldo Alemán vai querer recuperar as terras confiscadas durante a revolución. De feito xa hai xente que pola imposibilidad de traballá-las entregou as suas terras. Mas aos que se quedaron con elas, é difícil que llas quiten. ❑

Wenceslao Chavarría
Transcripción: Alberte Pagán

ELEIZÓNS'96

Crónica dun fraude anunciado

Queridos señores guardiáns de bandullos:

Onde están as "boletas" misteriosamente desaparecidas, onde foron parar as "boletas" eleitorais queimadas, rompidas, trocadas por outras (que foron previamente imprensadas en Costa Rica), as "boletas" atopadas en casas de particulares ou esparexidas polos vertedoiros de Manágua?

De onde viñeron as "boletas" eleitorais noviñas do trinque que entraron pola porta de atrás (ou pola porta de adiante, se temos en conta que era policia costarricense a que "tomou" aquel lugar) do BANIC da Praza Centro-América en Manágua, lugar habilitado polo CSE para revisar e recontar "boletas", actas, etc., co obxectivo de, tras as reclamacións de mais de once partidos políticos, facer cadrar actas e "boletas" cos resultados eleitorais dados xa por definitivos nos mass media de meio mundo? Facé-los cadrar? Nen o mesmísimo Pitágoras, mago dos números teria podido acadar tal meta.

Pois ben, estas e outras perguntas só as poden responder vocés, señores do bandullo, donos de estómagos alleos, de estómagos que pasan fame. Pola nosa banda, nós, entrementres agardamos pola sua famélica resposta, imos propor unha de noso: Nicarágua xa non está de moda porque vocés, señores de bandullos inchados de fame e guardas dos bandullos de seu, decidiron que asi fose, quizá para prever que algunha mente quente de mais chegase á conclusión de que vocés tiñan a intención de facer-se co domínio do país á custa de eleizóns flatulentas (perdón, fraudulentas). Porque xa hai quen deu en pensar que para poderen seguir de "enchenta", precisaban colocar no poder, sen o poder dos votos, o bandullo presidencial por exceléncia, Gordomán Arnoldo Alemán, o rei dos bandullos.

Nicarágua xa non está de moda, dicíamos. E aventuramos outra resposta, só por probar sorte: non está de moda porque ali xa non hai unha revolución en marcha que lle tire o sono ao amigo do Norte, porque xa non compre mirar con lupa ese país para tratar de cachar comunistas por todos os recantos dos cuartos e mesmo debaixo das camas. O "amigo" do Norte quedou mais ou menos tranquilo e recuperou o sono tras as eleizóns de 1990, unhas eleizóns nas que, por certo, non se "perderon boletas" nen actas eleitorais nengunhas, e tampouco se adiaron os resultados oficiais duas semanas e meia (coñecen algun caso asi nos países "democráticos de Ocidente, señores "observadores" da OEA?). Unhas eleizóns, as do 90, onde os perdedores (Frente Sandinista) entregaron o poder e recoñeceron a sua derrota. É dicer, case cagadiñas ás do 96.

Pero Nicarágua pasou de moda. De está-lo, todo o que sucedeu nas eleizóns de 20 de Outubro de 1996 teria acadado fonda difusión, e iso non conviña, non si, señores do bandullo? Desta vez compria actuar con nocturnidade e aleivosia, sen luz (que curiosamente faltou en muitas JRV o dia das eleizóns), sen taquígrafos, sen cámaras e sen fotos. E para iso contaron



InterNet

unha tecnoloxia revolucionária

A. P.

A (des)información é unha arma de domínio. As ditaduras sempre coutan a liberdade de expresión (saben dos seus perigos); os movimentos revolucionários promoven a alfabetización da cidadania (coñecen as virtudes do coñecimento). As vitórias ou derrotas políticas e militares dependen, cada vez mais, da información (chamemos-lle propaganda). Se Timor Leste sofre a ocupación indonésia sen que ninguén se altere, é principalmente pola falta de notícias que sobre á illa temos. Se os EUA, pola contra, inician a Guerra do Golfo, é porque a povoazón mundial está escandalizada da brutalidade dos soldados iraquies cos bebés das incubadoras dos hospitais kuwaitis, e saben do seu apoio.

É o que Chomsky chama a "fabricación do consentimento", e o mellor exemplo é o mencionado duas liñas arriba: para provocar a guerra (do Golfo), as partes interesadas non se cortan en fabricar acontecimentos falsos (o roubo das incubadoras, neste caso), que provocan a indignación dunha povoazón (a de EUA) até ese momento indiferente á invasión, e que constituen en última instáncia o pistoletazo de saída para os bombardeiros.

Os governos poden facer calquer cousa que se lles antolle: só teñen que convencer á maioria da cidadania da bondade dos seus proxectos, por mui selvaxes que estes sexan. Exemplos como os da guerra do Golfo abondan no último cuarto de século. Ao final sempre se descobre a verdade (que o roubo das incubadoras nunca existiu), mas en letra pequena e sempre demasiado tarde, cando xa non hai remédio para os centos de milleiros de civis asasinados por ocidente. Ante isto, indignar-se ante un atentado "terrorista" non deixa de ser hipócrita. E a raíz dos brotes violentos, no fondo, non deixa de ser unha chamada de atención, un dicer "estamos aqui e hai este problema", un buscar un oco nesa maraña de información que ás veces oculta mais do que mostra.

Quizá a polémica sobre a pornografia na rede non sexa mais que unha tapadeira para proibir outro tipo de contidos.

Na era da internet, a relación de poder (de información) entre opresores e forzas rebeldes está empezando a cambiar. O exemplo óbvio é o acontecido en Chiapas a partir do 1º de xaneiro de 1994: un exército indíxena mal armado non cria nengun problema militar a un exército como o mexicano. Despois de dous anos, os zapatistas seguen a negociar, e seguen a ocupar portadas de revistas (non tanto como desexarian, mas si o bastante como para resultar surprendente). E todo grácias ao uso dunha soa arma: os comunicados, que agora chegan en cuestión de segundos a todos os rincóns do planeta, e que sustituen aos fusis. Mesmo durantes os cercos militares que os zapatistas sofriron, chegaba ao outro lado información detallada sobre o mínimo enfrentamento con ou ataque de os soldados. E ante a verdade crua, poucos governos se atreven a usar os vellos métodos represores.

Mas os zapatistas non están, nen muito menos, sós nesta revolución via internet. Os Tigres de Liberación de Tamil Elam, desde Sri Lanka, envian información diária por médio de telefones via satélite a TamilNet, o servidor de internet criado en 1995 que actua desde Noruega. A Unión Revolucionária Nacional Guatemalteca, desde a selva guatemalteca, manda información a México, desde onde se distribue por internet ao resto do mundo. Desde Timor Leste tamén se lograron certos avances na loita contra a represión indonésia grácias a internet.

Cada vez mais axéncias de imprensa fian-se mais dos dados distribuídos polos movimentos armados que dos dados oficiais, nunca coincidentes. Un exemplo temo-lo en The Washington Post ou o International Herald Tribune, que xa comezan a citar como fonte os boletins dos Tigres de Liberación de Tamil Elam, ao tempo que non se fian muito das axencias de imprensa oficiais de Sri Lanka. Nun ataque a un

campamento militar, os Tamiles declararon te-lo tomado, causando a morte a mais de 1000 soldados. O governo de Sri Lanka só recoñeu 70 baixas. Os xornais citados deron como válidos os primeiros dados.

Mas todo avance democrático ten que esperar-se unha contraofensiva: nos EUA xa se está a barallar a posibilidade de proibir a circulación de este tipo de información (e quizá a polémica sobre a pornografia na rede non sexa mais que unha tapadeira para proibir outro tipo de contidos), acudindo a leis "antiterroristas" ou delitos como a "apoloxia do terrorismo". ❑



Dous encadres dunha maxe de Internet que anúncia a captura de Leslie Isden Rogge

Alguns dos muitos servidores de Internet nos que se pode topar información actualizada sobre movimentos armados

◗ *East Timor Action Network (Rede de acción de Timor Leste)*
http://shell.ihug.co.nz/~calliope/Nettalk.html
Unha boa notícia, por fin: a concesión do prémio Nobel da paz a dous loitadores pola independéncia de Timor Leste, José Ramos Horta (delegado no exterior da resisténcia timorense) e Filipe Ximenes Beleo, o que puxo, por un momento, o tema da represión indonésia da illa nas páxinas dos xornais. Para mais información sobre Timor Leste, ou sobre outros servidores de Internet sobre o tema, ver o número anterior de **OUTRASVOZES** (primavera-verao 96), dedicado exclusivamente á loita do povo timorense.

◗ *Sri Lanka: TamilNet (Rede Tamil)*
http://www.sn.no/~cyrinus/
Desde Noruega, dados sobre a guerrilla Tamil que loita pola independéncia da península de Jaffna, en Sri Lanka.

◗ *Mexico: Zapatista*
http://www.utexas.edu/students/nave/
Suscrever-se ás últimas novas enviando esta mensaxe: "subscribe shiapas95"
a: **majordomo@eco.utexas.edu**

◗ *Rede zapatista de autonomia e liberación*
http://www.actlab.utexas.edu:80/~zapatistas/
Mais información sobre Chiapas, con imaxes, sons e textos.

◗ *The Committee to Support the Revolution in Peru (Comité de apoio á revolución no Peru)*
http://www.calyx.com/~peruweb
Información sobre o Partido Comunista do Peru, desde os EUA.

◗ *Cuba Solidarity Web Site (Servidor de Solidariedade con Cuba)*
http://www.igc.apc.org/cubasoli/
Información sobre Cuba, para ver a outra cara da moeda. Patrocinado polo Institute for Global Communications.

◗ *Institute for Global Communications (Instituto para a comunicación global)*
http://www.igc.apc.org/

◗ *Sinn Fein*
http://www.serve.com/rm/sinnfein/index.html

◗ *Angry Planet (Planeta indignado)*
http://www.wave.no/angry/
Axéncia de notícias e fotos, sobre o mundo non industrializado e os seus activistas políticos.

◗ *The Noam Chomsky Archive (O arquivo de Noam Chomsky)*
http://www.lbbs.org
Oferece ampla información sobre o disidente estadounidense e a sua obra.

O cliente sempre ten a razón

A. P.

O mundo é un gran mercado. E xa sabemos o inflexíveis que son as leis do mercado. No nome do Mercado fan-se guerras (a do Petróleo, perdón: a do Golfo), golpes de estado (o das minas de Chile, Pinochet), venda de países, devaluacións, dévedas externas, políticas sociais (perdón: económicas), etc. Mas un mercado sen compradores ven-se abaixo, e ese é o talón de Aquiles das multinacionais (multinacionais, lembremos, que en muitos casos son mais poderosas que muitas nacións-estado). O boicot é unha arma que as grandes empresas temen, apesar de que o/a comprador/a é un ser individual. A decisión de comprar ou non comprar un produto, asi en frio, non ten aparentemente mais transcendéncia. É como facer duas fotocópias en vez de unha: non cremos que ese pequeno despilfarro vaia cambiar en nada o ritmo da tala dos bosques. E aqui quizá pequemos de ignorar o noso verdadeiro poder como compradores. O noso poder estrictamente político reduce-se ao depósito dunha papeleta nunha caixa cada catro anos. O noso poder na esfera económica é maior: mercamos e escollemos produtos todos os dias.

Os boicots a empresas teñen servido para mellorar un pouco o mundo. Non devemos despreciar o papel xogado polo boicot a Sudáfrica no cámbio de reximenese país; e tampouco temos que malinterpretá-lo: non se tratou de que certas empresas boicotearan o governo racista por vontade própria, senón que se viron "obrigadas" a facé-lo, en muitos casos, polo boicot sofrido polas mesmas empresas por parte dos consumidores ocidentais para forzá-las a retirar-se de Sudáfrica (ainda que Barclays Bank tardara 17 anos en pechar as suas sucursais sudafricanas, en 1986). Jean-Luc Godard reflectia perfectamente o papel do/a consumidor/a na sua película Tout va bien, na que avogaba polo furto nos supermercados como prática subversiva. Algo semellante acontecera nas revoltas estudantis compostelás dos anos setenta, durantes as cuais grupos de estudantes acudian a restaurantes ou supermercados e cargaban o consumido á conta do reitorado.

O boicot é unha arma que as grandes empresas temen, apesar de que o/a comprador/a é un ser individual. A decisión de comprar ou non comprar un produto, asi en frio, non ten aparentemente mais transcendéncia. E aqui quizá pequemos de ignorar o noso verdadeiro poder como compradores.

Alguns boicots nunca van arriba. Outros teñen un éxito propagandístico e inciden na realidade dun xeito excepcional. O último gran boicot foi o que sofriu a empresa Shell ante a sua pretensión de depositar resíduos contaminantes no mar do Norte. A maior ou menor repercusión ambiental destes resíduos é o de menos: o importante é o efecto do boicot internacional: a empresa perdeu un 70% de vendas, á parte do desprestíxio de Shell. Este boicot centrou-se sobre todo en Alemaña e Escandinávia, países cunha maior preocupación medioambiental. A Shell tamén está a sofrir outro boicot pola sua inumanitária explotación petrolífera das terras dos ogoni, en Nixéria, país no que apoia o réxime militar e polo tanto a execución do activista e escritor Ken Saro-Wiya.

En Gran Bretaña, onde o interese polo ben-estar dos animais é maior, un dos boicots de mais éxito a nível mundial foi o da campaña anti abrigos de pel: raramente vemos hoxe en dia persoas levando-os polas ruas británicas, e xa non hai tendas que os vendan. E lembremos que xa hai uns sete millóns de vexetarianos/as no Reino Unido, cando hai só uns poucos anos non eran mais da metade. A saber que significa isto en termos económicos para as empresas que manufacturan carne. En relación co tema dos animais, o porto de Dover está a padecer un boicot por consentir o transporte de animais vivos; e Gillette, por facer provas con animais; e muitas compañias aéreas, tamén polo transporte de animais (monos) para a investigación.

Outras empresas que sofren ou sufriron boicots organizados son: a Heineken, por certas declaracións racistas dun membro da directiva. Texaco, por partida triple: por promover a explotación do bosque amazónico de Ecuador; por non admitir na sua nómina a seropositivos; e pola sua colaboración coa ditadura de Rangun. Mitsubishi, por promover a tala de bosques tropicais. Os bancos en xeral, e as tarxetas de crédito en particular, polo papel dos primeiros na déveda externa dos países non industrializados. Marrocos, pola sua ocupación do Saara. Indonésia e os seus produtos, pola sua ocupación de Timor Leste. Nestlé, por incumplir certos acordos na comercialización do leite en polvo. Etc, etc.

Éxitos dos boicots: a Shell rectifica e non verte os resíduos no mar do Norte; Sudáfrica ten un presidente negro; Nestlé, despois do boicot de 1980-84, cede e atén-se ás normativas; o boicot reanuda-se en 1989 por volver ás andadas; Franza completa as suas provas nucleares en Mururoa, mas pensará-o duas veces antes de facer unha nova ronda de provas, e de todos xeitos o éxito propagandístico antinuclear foi total. Para calquer empresa, o mínimo descenso nas vendas é un éxito para o/a consumidor/a.

Asi que xa o sabedes: o cliente sempre ten razón. ❑